

ADAPTACIÓN DA  
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.  
CURSO 2021/2022



## **MATERIA: Matemáticas**

**CURSO: 1º ESO**

### **Criterios sobre a avaliación e cualificación**

#### Exames ao longo do curso

A materia está dividida nun total de 6 bloques temáticos: Números, Álgebra, Xeometría, Funcións, Estatística e Probabilidade.

O alumnado para poder superar a materia debe ter superados todos os bloques temáticos ou excepcionalmente un deles sen superar pero cunha nota media de todos os bloques superior a 5.

Contéplanse un total de 7 exames ao longo do curso (un por cada bloque temático a excepción do bloque de Números que conta con dous exames).

Cada exame abrangue a materia propia dun bloque temático, de xeito que considerárase que un alumno superou a materia dese bloque sempre e cando acadase unha cualificación igual ou superior a 5 no exame correspondente.

No caso do bloque de Números haberá un exame intermedio (1A). O alumnado que obteña no exame 1A unha nota igual ou superior a 5 quedará exento da materia desta parte para o exame do final do bloque de Números (1B).

#### 3ª avaliación

A terceira avaliación abrangue os bloques de Funcións, Estatística e Probabilidade. Cada un destes bloques terá un exame propio. Os tres bloques e os seus correspondentes exames estarán rematados antes da sesión da 3ª avaliación. A nota nesta avaliación calcularase, como nas outras avaliacións anteriores, aproximando por truncamento o seguinte cálculo:

$$\text{NOTA AVALIACIÓN} = 0,80 \cdot NE + NC$$

**NE** : Nota media dos exames realizados nesa avaliación

**NC** : Nota aspectos complementarios contemplados ao longo do trimestre (ata 2 puntos (\*))

(\*)

*Traballo desenvolvido nas actividades propostas na aula (ata 0,5 puntos)*

*Realización e presentación dos boletíns de exercicios e tarefas de repaso (ata 1 punto)*

*Achegas e participación activa nas dinámicas de aula (ata 0,5 puntos)*

## Avaliación final

O alumnado que logo de finalizada a terceira avaliación teña superados todos os bloques temáticos, terá superada a materia, e a súa cualificación obeterasdo do mesmo xeito que as cualificacións parciais das avaliacións, é dicir, aproximando por truncamento o seguinte cálculo:

$$\text{NOTA FINAL} = 0,80 \cdot \text{NE} + \text{NC}$$

*NE : Nota media dos exames de todos os bloques temáticos do curso*

*NC : Nota aspectos complementarios contemplados ao longo do curso (ata 2 puntos (\*))*

(\*)

*Traballo desenvolvido nas actividades propostas na aula (ata 0,5 puntos)*

*Realización e presentación dos boletíns de exercicios e tarefas de repaso (ata 1 punto)*

*Achegas e participación activa nas dinámicas de aula (ata 0,5 puntos)*

Se algún alumno ou alumna dos que teña a materia superada logo da 3ª avaliación quere mellorar a súa cualificación nalgún dos bloques temáticos, pode preparar un deses bloques con actividades de repaso durante as semanas comprendidas entre o remate da 3ª avaliación e a finalización do curso, e presentarse á proba final que se realizará na última semana do mesmo. En ningún caso a realización desta proba poderá supoñer unha diminución na cualificación obtida con anterioridade no exame des bloque.

Se o alumno ou alumna mellora a cualificación ontida nese bloque, esta substituirá á antiga cualificación do bloque con cálculo da nota final do curso.

Aquel alumnado que non dedida tentar mellorar a súa cualificación een ningún bloque mediante a proba final realizará as tarefas propostas polo profesor, consistentes en exercicios de repaso e afondamento nos aspectos básicos do curso e que servirán de base aos aspectos que se traballarán na materia correspondente ao curso seguinte.

O alumnado que logo de finalizada a terceira avaliación non teña superados todos os bloques temáticos, traballará durante as semanas posteriores ao remate da terceira avaliación con boletíns de exercicios e problemas de repaso achegados polo profesor sobre os contidos dos bloques non superados.

**Na última semana do curso haberá unha proba final** onde este alumnado terá que examinarse de todos aqueles bloques temáticos que non tivera superado no seu momento.

A nota obtida en cada un destes bloques neste proba substituirá á nota orixinal sempre e cando sexa maior ca esta.

Ao igual que para o alumnado que non tivera que realizar esta proba, considerarase superada a materia se o alumno ou alumna ten superados todos os bloques temáticos ou no seu caso tendo un sen superar pero cunha cualificación media no total dos bloques superior a 5.

## MATERIA: MATEMÁTICAS

### CURSO: 2º ESO

#### Criterios sobre a avaliación e cualificación

##### 3ª avaliación

Na primeira avaliación e na segunda fixéronse dous exames en cada unha delas que recolleron os conceptos dos bloques relativos a Números e Álgebra. O alumnado que acadou unha nota igual ou inferior a tres nalgunha das avaliacións, tivo dereito a unha recuperación ao inicio da seguinte avaliación (2ª ou 3ª), onde a súa nota modificaríase da seguinte maneira:

Onde:

$$\text{Nota avaliación} = \begin{cases} \text{máx}(R, NA) & \text{si } R < 5 \\ \text{máx}\left(5, \frac{2R + NA}{3}\right) & \text{si } R \geq 5 \end{cases}$$

R= nota recuperación

NA= nota que tiña na avaliación

Os exames contaron un 80% e o 20% restante resultou a media dos traballos da aula e os deberes e traballos feitos na casa.

Na terceira avaliación está previsto facer 3 exames. Un deles xa se fixo antes do período de semana santa, co primeiro tema de xeometría. O seguinte exame comprenderá o segundo tema de xeometría e o tema de funcións, e, finalmente o terceiro abarcará a introdución de estatística e probabilidade. Ambos están fixados para o mes de maio. Ademais, antes do final desta avaliación realizarase unha recuperación para aquel alumnado que obtivo unha nota igual ou inferior a tres.

A cualificación da 3ª avaliación obterase do mesmo xeito que as dúas anteriores, tendo así tres notas correspondentes a todo o período lectivo e as respectivas recuperacións feitas.

Avaliación final

Na terceira semana de xuño farase un exame final que será de recuperación das avaliacións pendentes. Terán que facelo aquel alumnado que teña unha nota de 3 ou inferior nalgunha das avaliacións.

Este exame final abarcará varias posibilidades: recuperación só da primeira avaliación, só da segunda, só da terceira ou as posibles combinacións que se dean segundo o que teña que recuperar cada alumno ou alumna.

## **2.2 Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º ESO (Preparación probas extraordinarias e actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)**

O alumnado que supere a convocatoria ordinaria seguirá asistindo ás clases e realizará exercicios de reforzo e ampliación da materia vista durante o curso. Consistirán en exercicios semellantes aos que fixeron ao longo do curso e algún pensado para a súa preparación para o ano seguinte. Estes exercicios poden repercutir positivamente na súa cualificación na avaliación final.

O alumnado que teña suspenso algunha das avaliacións ordinarias fará exercicios de reforzo para preparar o exame final extraordinario.

Metodoloxía, actividades tipo, materiais e recursos

Fundamentalmente, explicacións da profesora na aula e realizacións de exercicios recollidos en boletíns propostos pola profesora. Isto pode combinarse con algún simulador, exercicios da plataforma e-dixgal ou algún outro recurso xa recollido na programación.

## **MATERIA: Matemáticas Académicas**

### **CURSO:3º ESO**

#### **1.Criterios sobre a avaliación e cualificación**

##### **3ª avaliación**

Os exames contarán un 80%. Sendo  $x_i$  a nota do exame  $i$

$$nota\ exames = \frac{x_1 + x_2 + x_3 + x_4 + 2 \cdot x_5 + 2 \cdot x_6 + 2 \cdot x_7 + 2 \cdot x_8}{12}$$

O outro 20% obterase do traballo desenvolvido na aula Incluíndo a correcta realización dos exercicios de cada día, a resolución dos exercicios de reforzo que terán que entregar antes de cada exame, e tamén se valorará neste apartado a correcta elaboración do caderno de traballo, con todos os exercicios feitos e cubertos de xeito limpo e ordenado.

##### **Avaliación final**

O alumnado que aprobou a 3ª avaliación preparará o tema 9. Fará un exame do tema 9 e o tema 5, de aí obterase  $x_9$

Os exames contarán un 80%. Sendo  $x_i$  a nota do exame  $i$

$$nota\ exames = \frac{x_1 + x_2 + x_3 + x_4 + 2 \cdot x_5 + 2 \cdot x_6 + 2 \cdot x_7 + 2 \cdot x_8 + 2x_9}{14}$$

O outro 20% obterase do traballo desenvolvido na aula Incluíndo a correcta realización dos exercicios de cada día, a resolución dos exercicios de reforzo que terán que entregar antes de cada exame, e tamén se valorará neste apartado a correcta elaboración do caderno de traballo, con todos os exercicios feitos e cubertos de xeito limpo e ordenado.

O alumnado que suspenda a 3ª avaliación debe recuperar a materia que teña suspenda.. Neste caso a nota final será a do exame final que se realizará en xuño.

#### **Proba extraordinaria para Bacharelato**

##### **Alumnado de materia pendente**

Cualificación da 3ª avaliación:

Ao alumnado coa materia pendente entregóuselle un boletín con problemas correspondente á 3ª avaliación que deberá entregar antes do exame. Valorarase a realización dos exercicios propostos cun peso do 10% da nota.

O 90% da nota será dun exame

Cualificación da avaliación final:

Para superar a materia pendente o alumno debe ter aprobadas as 3 avaliacións. No caso de ter algunha(s) suspenda(s) fará un exame de recuperación en xuño da(s) avaliación(s) suspenda(s). A cualificación final será a media das 3 avaliacións.

## **2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)**

### **Metodoloxía**

O alumnado coa materia aprobada traballará o tema 9 da U.D. Descartes cubrindo o caderno asociado a este tema.

O alumnado coa materia suspensa realizará exercicios de reforzo dun boletín que se lle entregará ex profeso

### **Actividades tipo**

O alumnado coa materia aprobada traballará coa U.D. de Estatística do Descartes EDAD

O alumnado coa materia suspensa realizará exercicios de reforzo para preparar o exame final.

### **Materiais e recursos**

U.D. Estatística do Descartes EDAD. Caderno de traballo desta U.D.

Boletín de exercicios.



## MATERIA: MATEMÁTICAS ORIENTADAS Á ENSINANZA APLICADA

CURSO: 3º ESO

### Criterios sobre a avaliación e cualificación

#### 3ª avaliación

Na primeira avaliación e na segunda fixéronse dous exames en cada unha delas que recolleron os conceptos dos bloques relativos a Números e Álgebra. O alumnado que acadou unha nota igual ou inferior a tres nalgunha das avaliacións, tivo dereito a unha recuperación ao inicio da seguinte avaliación (2ª ou 3ª), onde a súa nota modificaríase da seguinte maneira:

Onde:

$$\text{Nota avaliación} = \begin{cases} \text{máx}(R, NA) & \text{si } R < 5 \\ \text{máx}\left(5, \frac{2R + NA}{3}\right) & \text{si } R \geq 5 \end{cases}$$

R= nota recuperación

NA= nota que tiña na avaliación

Os exames contaron un 60% . O 40% restante acadouse da seguinte forma:

20% entrega de exercicios na aula

20% deberes

A cualificación da 3ª avaliación obtérase do mesmo xeito que as dúas anteriores, tendo así tres notas correspondentes a todo o período lectivo e as respectivas recuperacións feitas.

#### Avaliación final

Na terceira semana de xuño farase un exame final que será de recuperación das avaliacións pendentes. Terán que facelo aquel alumnado que teña unha nota de 3 ou inferior nalgunha das avaliacións.

Este exame final abarcará varias posibilidades: recuperación só da primeira avaliación, só da segunda, só da terceira ou as posibles combinacións que se dean segundo o que teña que recuperar cada alumno ou alumna.

## **2.2 Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º ESO (Preparación probas extraordinarias e actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)**

O alumnado que supere a convocatoria ordinaria seguirá asistindo ás clases e realizará exercicios de reforzo e ampliación da materia vista durante o curso. Consistirán en exercicios semellantes aos que fixeron ao longo do curso e algún pensado para a súa preparación para o ano seguinte. Estes exercicios poden repercutir positivamente na súa cualificación na avaliación final.

O alumnado que teña suspenso algunha das avaliacións ordinarias fará exercicios de reforzo para preparar o exame final extraordinario.

### **Metodoloxía, actividades tipo, materiais e recursos**

Fundamentalmente, explicacións da profesora na aula e realizacións de exercicios recollidos en boletíns propostos pola profesora. Isto pode combinarse con algún simulador, exercicios da plataforma e-dixgal ou algún outro recurso xa recollido na programación.

## **MATERIA: Matemáticas Académicas**

### **CURSO:4º ESO**

#### **1.Criterios sobre a avaliación e cualificación**

##### **3ª avaliación**

Os exames contarán un 80%. Sendo  $x_i$  a nota do exame  $i$

$$nota\ exames = \frac{x_1 + x_2 + x_3 + x_4 + 2 \cdot x_5 + 2 \cdot x_6 + 2 \cdot x_7 + 2 \cdot x_8}{12}$$

O outro 20% obterase do traballo desenvolvido na aula Incluíndo a correcta realización dos exercicios de cada día, a resolución dos exercicios de reforzo que terán que entregar antes de cada exame, e tamén se valorará neste apartado a correcta elaboración do caderno de traballo, con todos os exercicios feitos e cubertos de xeito limpo e ordenado.

##### **Avaliación final**

O alumnado que aprobou a 3ª avaliación preparará o tema 9. Fará un exame do tema 9 e o tema 5, de aí obterase  $x_9$

Os exames contarán un 80%. Sendo  $x_i$  a nota do exame  $i$

$$nota\ exames = \frac{x_1 + x_2 + x_3 + x_4 + 2 \cdot x_5 + 2 \cdot x_6 + 2 \cdot x_7 + 2 \cdot x_8 + 2x_9}{14}$$

O outro 20% obterase do traballo desenvolvido na aula Incluíndo a correcta realización dos exercicios de cada día, a resolución dos exercicios de reforzo que terán que entregar antes de cada exame, e tamén se valorará neste apartado a correcta elaboración do caderno de traballo, con todos os exercicios feitos e cubertos de xeito limpo e ordenado.

O alumnado que suspenda a 3ª avaliación debe recuperar a materia que teña suspenda. Neste caso a nota final será a do exame final que se realizará en xuño.

##### **Alumnado de materia pendente**

Cualificación da 3ª avaliación:

Ao alumnado coa materia pendente entregóuselle un boletín con problemas correspondente á 3ª avaliación que deberá entregar antes do exame. Valorarase a realización dos exercicios propostos cun peso do 10% da nota.

O 90% da nota será dun exame

Cualificación da avaliación final:

Para superar a materia pendente o alumno debe ter aprobadas as 3 avaliacións. No caso de ter algunha(s) suspenda(s) fará un exame de recuperación en xuño da(s) avaliación(s) suspenda(s). A cualificación final será a media das 3 avaliacións.

## **2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)**

### **Metodoloxía**

O alumnado coa materia aprobada traballará o tema 9 da U.D. Descartes cubrindo o caderno asociado a este tema.

O alumnado coa materia suspensa realizará exercicios de reforzo dun boletín que se lle entregará ex profeso

### **Actividades tipo**

O alumnado coa materia aprobada traballará coa U.D. de Xeometría Analítica do Descartes EDAD

O alumnado coa materia suspensa realizará exercicios de reforzo para preparar o exame final.

### **Materiais e recursos**

U.D. Estatística do Descartes EDAD. Caderno de traballo desta U.D.

Boletín de exercicios.

## MATERIA: MATEMÁTICAS ORIENTADAS Á ENSEÑANZA APLICADA

**CURSO: 4º ESO**

### **Criterios sobre a avaliación e cualificación**

#### **3ª avaliación**

Na primeira avaliación e na segunda fixéronse dous exames en cada unha delas que recolleron os conceptos dos bloques relativos a Números e Álgebra. O alumnado que acadou unha nota igual ou inferior a tres nalgunha das avaliacións, tivo dereito a unha recuperación ao inicio da seguinte avaliación (2ª ou 3ª), onde a súa nota modificaríase da seguinte maneira:

Onde:

$$\text{Nota avaliación} = \begin{cases} \text{máx}(R, NA) & \text{si } R < 5 \\ \text{máx}\left(5, \frac{2R + NA}{3}\right) & \text{si } R \geq 5 \end{cases}$$

R= nota recuperación

NA= nota que tiña na avaliación

Os exames contaron un 60% . O 40% restante acadouse da seguinte forma:

20% entrega de exercicios na aula

20% deberes

Na terceira avaliación está previsto facer 3 exames. Un deles xa se fixo antes do período de semana santa, co tema de xeometría. O seguinte exame comprenderá o tema de funcións e o terceiro o bloque de estatística e probabilidade. Ambos están fixados para o mes de maio. Ademais, antes do final desta avaliación realizarase unha recuperación para aquel alumnado que obtivo unha nota igual ou inferior a tres.

A cualificación da 3ª avaliación obterase do mesmo xeito que as dúas anteriores, tendo así tres notas correspondentes a todo o período lectivo e as respectivas recuperacións feitas.

#### **Avaliación final**

Na terceira semana de xuño farase un exame final que será de recuperación das avaliacións pendentes. Terán que facelo aquel alumnado que teña unha nota de 3 ou inferior nalgunha das avaliacións.

Este exame final abarcará varias posibilidades: recuperación só da primeira avaliación, só da segunda, só da terceira ou as posibles combinacións que se dean segundo o que teña que recuperar cada alumno ou alumna.

## **2.2 Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º ESO (Preparación probas extraordinarias e actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)**

O alumnado que supere a convocatoria ordinaria seguirá asistindo ás clases e realizará exercicios de reforzo e ampliación da materia vista durante o curso. Consistirán en exercicios semellantes aos que fixeron ao longo do curso e algún pensado para a súa preparación para o ano seguinte. Estes exercicios poden repercutir positivamente na súa cualificación na avaliación final.

O alumnado que teña suspenso algunha das avaliacións ordinarias fará exercicios de reforzo para preparar o exame final extraordinario.

### **Metodoloxía, actividades tipo, materiais e recursos**

Fundamentalmente, explicacións da profesora na aula e realizacións de exercicios recollidos en boletíns propostos pola profesora. Isto pode combinarse con algún simulador, exercicios da plataforma e-dixgal ou algún outro recurso xa recollido na programación.

## **MATERIA: Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I**

### **CURSO: 1º BACHARELATO CIENCIAS SOCIAIS**

#### **Criterios sobre a avaliación e cualificación**

##### **3ª avaliación**

Dada a nova situación en relación á 3ª avaliación (adiantamento de datas finais) e da avaliación final, compre facer algunha modificación na programación correspondente a este curso.

Ademais durante as dúas primeiras avaliacións observouse un nivel bastante baixo na materia, seguramente debido á pandemia ou a outras circunstancias inherentes ao funcionamento do grupo.

Tal e como consta na programación feita ao inicio do curso, na 1ª avaliación estaba previsto facer un exame a finais de outubro e outro a finais de decembro, pero polos motivos expostos, no foi posible e fixéronse a mediados de novembro e a primeiros de febreiro.

A materia do primeiro exame volveu entrar no segundo exame, pero os alumnos e alumnas que no primeiro exame tiñan unha nota non inferior a 6,5 quedaron exentos de examinarse da materia do primeiro exame.

A nota final desta 1ª avaliación obtívose facendo a media dos dous exames, pero para os que se examinaron de toda a materia no segundo, a este déuselle valor dobre.

A nota que consta no boletín da 1ª avaliación corresponde só ao primeiro exame, polo que unha vez feito o 2º esa nota queda modificada para recoller ambas cualificacións, co que temos a nota correspondente ao 1º bloque temático: Números e Álgebra, tendo en conta que os exames contaron un 90% e o outro 10% obtívose do traballo desenvolvido na aula durante o período correspondente. Incluindo a correcta realización dos exercicios de cada día, a resolución dos exercicios de reforzo que terán que entregar antes de cada exame, e tamén se valorará neste apartado a correcta resolución do caderno de traballo, con todos os exercicios feitos e cubertos de xeito limpo e ordenado.

Na 2ª avaliación o 1º exame estaba previsto para finais de febreiro pero en realidade fíxose a mediados de marzo. A cualificación que consta no boletín da 2ª avaliación corresponde a este exame, tendo tamén en conta o traballo desenvolvido.

O 2º exame deste bloque temático, Análise, que estaba previsto para finais de abril, farase no 3º TRIMESTRE, a mediados de maio. Unha vez feito terase unha cualificación do 2º bloque temático: Análise. Para obter esta nota, dadas as circunstancias comentadas sobre este grupo, o exame contará un 80% e o traballo desenvolvido na aula durante este período contará un 20%, incluíndo a correcta realización dos

exercicios de cada día, a resolución dos exercicios de reforzo que terán que entregar antes de cada exame, e tamén se valorará neste apartado a correcta resolución do caderno de traballo, con todos os exercicios feitos e cubertos de xeito limpo e ordenado.

Na 2ª quincena de maio verase so o primeiro tema do terceiro bloque temático: Probabilidade e estatística. O exame será a finais de maio e a cualificación será a que corresponderá ao 3º bloque temático e á 3ª avaliación, poderando tamén o exame cun 80% e o traballo desenvolvido cun 20%.

Teranse así tres notas:

1ª avaliación (Bloque temático: Número e Álgebra, nota de primeiros de febreiro): A1

2ª avaliación (Bloque temático: Análise de funcións, nota de mediados de maio): A2

3ª avaliación (Bloque temático: Estatística e probabilidade, nota de finais de maio): A3

### **Avaliación final**

Na primeira semana de xuño farase un exame final que será de recuperación das avaliacións pendentes, terán que facelo os alumnos e alumnas que teñan suspenso nalgún dos bloques temáticos. Para o cálculo da nota final de cada bloque temático terase en conta a nota acadada na primeira vez e tamén a nota da recuperación feita no exame final, que terá valor dobre.

Unha vez feito o exame final polo alumnado que teña algún bloque suspenso, terase unha nova cualificación de cada un dos tres bloques: A1, A2 e A3

A nota final correspondente á avaliación ordinaria, que se dará a primeiros de xuño, segundo a nova normativa, calcularase coa fórmula:

$$\text{NOTAFINAL} = 0,4 \cdot A1 + 0,5 \cdot A2 + 0,1 \cdot A3$$

## **2.2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC (Preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)**

O alumnado que aprobe na convocatoria ordinaria seguirá asistindo ás clases e realizará exercicios de reforzo e ampliación da materia vista durante o curso.

O alumnado que teña suspenso na convocatoria ordinaria fará exercicios de reforzo para preparar o exame final extraordinario

### **Metodoloxía, Actividades tipo, Materiais e recursos**

Realización de exercicios propostos en boletíns preparados por profesor

### **Proba extraordinaria para Bacharelato**



Na convocatoria extraordinaria o alumnado que non acadara os obxectivos mínimos do curso terá a opción de facer unha única proba escrita de recuperación global cos contidos de todo o curso. Será cualificado unicamente tendo en conta a nota obtida neste exame.

## **MATERIA: Matemáticas I**

### **CURSO: 1º BACHARELATO CIENCIA e TECNOLOXÍA**

#### **Criterios sobre a avaliación e cualificación**

##### **3ª avaliación**

Na 1ª (aritmética e álgebra) e na 2ª avaliación (xeometría) fixéronse dous exames. A materia do primeiro exame volveu entrar no segundo exame, pero os alumnos e alumnas que no primeiro exame tiñan unha nota non inferior a 6,5 quedaron exentos de examinarse da materia do primeiro exame. A nota da avaliación obtívose facendo a media dos dous exames, pero para os que se examinaron de toda a materia no segundo, este valeu o dobre.

- Os exames contaron un 90%
- O outro 10% obtívose do traballo desenvolvido na aula durante o período correspondente. Incluindo a correcta realización dos exercicios de cada día, a resolución dos exercicios de reforzo que terán que entregar antes de cada exame, e tamén se valorará neste apartado a correcta resolución do caderno de traballo, con todos os exercicios feitos e cubertos de xeito limpo e ordenado.

Na 3ª avaliación estaba previsto facer 3 exames (dous de Análise de funcións e 1 de estatística e probabilidade), pero dado o adianto da avaliación final e o nivel observado neste grupo, acórdase non impartir neste período o 4º bloque temático: Estatística e probabilidade.

Deste xeito a 3ª avaliación será só coa materia correspondente ao bloque temático Análise de Funcións.

Do mesmo xeito que nas dúas primeiras avaliacións, fanse dous exames. A materia do primeiro exame volve entrar no segundo exame, pero o alumnado que no primeiro exame teña unha nota non inferior a 6,5 queda exentos de examinarse da materia do primeiro exame.

A nota da 3ª avaliación obterase facendo a media dos dous exames, pero para os que se examinaron de toda a materia no segundo, este valerá o dobre.

- Os exames contarán un 90%
- O outro 10% obterase do traballo desenvolvido na aula durante o período correspondente. Incluindo a correcta realización dos exercicios de cada día, a resolución dos exercicios de reforzo que terán que entregar antes de cada exame, e tamén se valorará neste apartado a correcta resolución do

caderno de traballo, con todos os exercicios feitos e cubertos de xeito limpo e ordenado.

Teranse así tres notas:

1ª avaliación (Bloque temático: Aritmética e Álgebra): A1

2ª avaliación (Bloque temático: Xeometría): A2

3ª avaliación (Bloque temático: Análise de funcións): A3

### **Avaliación final**

Na primeira semana de xuño farase un exame final que será de recuperación das avaliacións pendentes, terán que facelo os alumnos e alumnas que teñan suspenso nalgún dos bloques temáticos. Para o cálculo da nota final de cada bloque temático terase en conta a nota acadada na primeira vez e tamén a nota da recuperación feita no exame final, que terá valor dobre.

Unha vez feito o exame final polo alumnado que teña algún bloque suspenso, terase unha nova cualificación de cada un dos tres bloques: A1, A2 e A3

A nota final correspondente á avaliación ordinaria, que se dará a primeiros de xuño, segundo a nova normativa, calcularase coa fórmula:

$$\text{NOTAFINAL} = 0,3 \cdot A1 + 0,35 \cdot A2 + 0,35 \cdot A3$$

### **2.2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC (Preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)**

O alumnado que aprobe na convocatoria ordinaria seguirá asistindo ás clases e realizará exercicios de reforzo e ampliación da materia vista durante o curso. Tamén se impartirán algunhas sesións sobre Estatística e probabilidade.

O alumnado que teña suspenso na convocatoria ordinaria fará exercicios de reforzo para preparar o exame final extraordinario

### **Metodoloxía, Actividades tipo, Materiais e recursos**

Explicacións do profesor e realización de exercicios propostos en boletíns preparados por profesor.

### **Proba extraordinaria para Bacharelato**

Na convocatoria extraordinaria o alumnado que non acadara os obxectivos mínimos do curso terá a opción de facer unha única proba escrita de recuperación global cos contidos de todo o curso. Será cualificado unicamente tendo en conta a nota obtida neste exame.

### **2.3. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC (Preparación probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade)**

#### **Metodoloxía**

Farase primeiro un resumo da materia de cada bloque temático e logo en cada sesión de clase o alumnado terá que realizar exames tipo ABAU.

#### **Actividades tipo**

As mencionadas: Realizar exames tipo ABAU

#### **Materiais e recursos**

Exames doutros anos correspondentes á materia e mesmo outros elaborados polo profesor